

Expediente: 2024/7832N

RESOLUCIÓN

Cese de don Ignacio González Campo como administrativo de presidencia.

Con data 8 de maio de 2024, don Ignacio González Campo presenta escrito no rexistro da Deputación solicitando a súa baixa no posto de persoal eventual como Administrativo de Presidencia, posto que ocupaba dende o día 1 de setembro de 2023.

De conformidade co establecido no artigo 104.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local regula ao persoal eventual. O nomeamento e cese deste tipo de persoal é libre e corresponde á Presidencia da entidade local.

Polo exposto, DISPOÑO:

Polo exposto, e unha vez concluída a tramitación do expediente, formúlase a seguinte proposta de resolución:

- 1.- Acordar o cesamento de don Ignacio González Campo como administrativo de presidencia en réxime de persoal eventual con efectos do día 9 de maio de 2024.
- 2.- A presente resolución será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa notificación ao interesado.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.